



nota de prensa

Veciñanza critica que o PSOE estree a súa maioría absoluta triplicando os custes en dietas por asistencia a órganos colexiados

O PSOE triplica as dietas por asistencia a órganos colexiados que conteñen unicamente representación súa. Incrementa tamén, sen atender a criterio obxectivo ningún o gasto en concepto de asistencia a Pleno e Comisións Informativas.

Cuntis. 29 de xuño de 2019

O PSOE estreou a súa maioría absoluta triplicando os gastos en dietas por asistencia a **órganos colexiados municipais**. Foi no pleno extraordinario de organización, celebrado o pasado mércores, no que fixo uso por primeira vez do “rodillo” para impoñer un incremento inxustificable con cargo aos xa precarios orzamentos municipais de Cuntis. Logo de designar as áreas de goberno, comisións informativas e nomeamentos nos distintos organismos nos que o Concello de Cuntis ten presenza, o pleno pechouse co punto máis polémico do día: o incremento do pago por asistencias a Xuntas de Goberno, Comisións e Plenos.

Así, a asistencia de cada concelleiro/a a unha Xunta de Goberno Local pasa de 20 a 60 €, triplicándose o custe dun órgano ao que só asisten representantes do PSOE.

Tamén se incrementan os gastos do pago de asistencias a plenos municipais (de 30 a 50 €) e a comisións informativas (de 20 a 30 €). Estas comisións informativas en moitos casos non superan os cinco minutos de duración.

Especialmente abusivo é o incremento, elevándose tamén ao triplo, dos custes por asistencia dos/as Presidentes/as das Comisións Informativas, que nesta lexislatura serán **tamén todos membros do PSOE**. Se ata o de agora percibían igual cantidade que o resto de asistentes, nesta lexislatura as súas retribucións incrementaranse de 20 a 50 €. Tal e como argumentou o voceiro municipal de Veciñanza durante o pleno do pasado mércores, *“todos/as sabemos que nun concello da dimensión do de Cuntis as funcións do/da presidente/a dunha comisión non se diferencian en gran medida das do resto de asistentes, polo que establecer agora esta diferenza é un abuso.”*



nota de prensa

Veciñanza opúxose rotundamente a esta multiplicación do gasto logo de criticar que esta medida carecía de criterio obxectivo ningún. Tal e como expuxo o voceiro municipal, Santi Martínez, *“se ben consideramos que estas cantidades deberan estar fixadas por unha normativa de rango superior e non quedar a criterio dos gobernos de turno, pois é un gasto que asumen todos os veciños e veciñas, a fixación destas cantidades debe responder á idea de que o exercicio da representación pública é voluntario e vocacional, e en ningún caso servir de fonte de lucro. Opoñémonos a que se tripliquen os custes neste apartado.”*